

COMENTARIO DUNHA CANTIGA DE AMIGO

Fui eu, madr', em romaria a Faro¹ com meu amigo
e venho del namorada por quanto falou comigo,
ca² mi jurou que morria
por mi, tal bem mi queria.

5 Leda venho da ermida e desta vez leda serei,
ca falei com meu amigo que sempre [muito] desejei,
ca mi jurou que morria
por mi, tal bem mi queria.

10 D'u³ m'eu vi com meu amigo, vim leda, se Deus mi perdom,
ca nunca lhi cuid'a mentir por quanto m'el[e] diss'entom,
ca mi jurou que morria
por mi, tal bem mi queria.

JOÃO DE REQUEIXO (B 1289, V 894)

Debemos comezar o comentario contextualizando o texto na época e no movemento literario; dentro deste, especificaremos e xustificaremos a adscripción a algún dos xéneros.

Despois debemos pasar aos aspectos do contido e da forma. Para iso debemos facer un resumo do texto, polo que debemos entendelo ben, e pararnos nas características temáticas máis relevantes.

Despois analizaremos os recursos formais que presenta (ou non) a cantiga. Neste caso, ao ser unha cantiga de amigo, é conveniente falar de paralelismo e leixaprén aínda que non aparezan no noso texto.

A lírica medieval galego-portuguesa é un movemento literario xurdido no noroeste peninsular nos séculos XIII e XIV. Trátase dunha poesía feita para ser cantada, e dentro dela predominan tres xéneros: a cantiga de amor, a cantiga de amigo e a cantiga de escarnio e maldicir. Esta cantiga de João de Requeixo é pertence ao xénero das cantigas de amigo. Sabémolo grazas á voz poética, que é unha rapaza que manifesta o amor polo seu namorado, o amigo.

Neste texto en concreto, a amiga diríxese á súa nai para contarlle que vén feliz, leda, do encontro co seu amigo, que lle xurou que a amaba («ca mi jurou que morria/por mi»). Daquela, atopámonos ante unha cantiga que presenta unha perspectiva do amor feliz, satisfeito, pois é un amor correspondido.

Respecto dos recursos formais desta cantiga, observamos que, como a maioría das cantigas de amigo, presenta refrán («ca mi jurou que morria/por mi, tal bem mi queria»); este recolle unha idea principal da cantiga, xa que reproduce a mensaxe que o amigo lle deu á amiga cando se viron. Por outra banda, fronte ao habitual neste xénero, este texto non presenta nin paralelismo entre estrofas nin leixaprén.

Estamos, en definitiva, ante unha cantiga de amigo de ton feliz e que podemos enmarcar no subxénero ou ciclo das cantigas de romaría, posto que o encontro se desenvolve ao abeiro dunha destas celebracións, neste caso no monte Faro.

Para rematar realizaremos unha conclusión. Nela podemos repasar as cuestións máis importantes do texto e comentar brevemente algún aspecto que non se citara antes (neste caso, a pertenza ao ciclo das cantigas de romaría).

1 Refírese ao monte Faro, entre as provincias de Lugo e Pontevedra, onde se atopa a ermida da Nosa Señora do Faro.
2 Que, porque.
3 O adverbio u é un arcaísmo léxico co valor de onde.

COMENTARIO DUNHA CANTIGA DE AMOR

- Vi eu donas, senhor, em cas d'el-rei,
fremosas e que pareciam bem,
e vi donzelas muitas u andei;
e, mia senhor, direi-vos ùa rem⁴:
- 5 a mais fremosa de quantas eu vi,
long'estava de parecer assi
- come vós. Eu muitas vezes provei
se acharia de tal parecer
algũa dona, senhor, u andei;
- 10 e mia senhor, quero-vos al⁵ dizer:
a mais fremosa de quantas eu vi,
long'estava de parecer assi
- come vós. E, mia senhor, preguntei
por donas muitas, que oí loar
de parecer, nas terras u andei;
- 15 e, mia senhor, pois mi as fo[rom] mostrar:
a mais fremosa de quantas eu vi,
long'estava de parecer assi.

JOÃO AIRAS DE SANTIAGO (B 946, V 534)

Como na cantiga anterior, contextualizamos e clasificamos o texto para comezar o comentario.

Seguimos co contido da cantiga, resumindo o seu argumento.

No caso da cantiga de amor, tamén debemos comentar os recursos formais, pero neste caso cingirémonos ao que atopemos no texto, pois o paralelismo e o leixaprén non son tan relevantes neste xénero.

Por último, volvemos finalizar cunha conclusión que recolla o máis relevante da cantiga. Podemos aproveitar para engadir algún pequeno detalle que nos quedara fóra; neste caso, o chanzo do trobador na escala do amor.

A lírica medieval galego-portuguesa é un movemento literario xurdido no noroeste peninsular nos séculos XIII e XIV. Trátase dunha poesía feita para ser cantada, e dentro dela predominan tres xéneros: a cantiga de amor, a cantiga de amigo e a cantiga de escarnio e maldicir. Esta cantiga de João Airas de Santiago é pertence ao xénero das cantigas de amor. Sabémolo grazas á voz poética, pois é un home que manifesta o amor pola dona que ama, a *senhor*.

Neste texto un namorado cóntalle á *senhor* que visitou a corte do rei, e que viu alí moitas doncelas fermosas, pero incluso a máis fermosa de todas non chegaba a ser como a súa *senhor*. O trobador non parece sufrir a coita de amor, algo pouco habitual.

Desde o punto de vista formal, estamos ante unha cantiga de refrán, composto por dous versos que sintetizan esa idea central da cantiga («*a mais fremosa de quantas eu vi, / long'estava de parecer assi*»). Atopamos, ademais, o emprego de dobre en dúas ocasións: *andei* repítese nos versos 3, 9 e 15, e *mia senhor* faíno xustamente nos seguintes; en ambos os dous casos, sempre aparecen na mesma posición. Por último, trátase dunha cantiga ateúda, é dicir, con ata-fiinda, pois hai un encabalgamento entre o refrán e as estrofas que seguen.

Estamos, en conclusión, ante unha cantiga de amor que destaca pola ausencia da coita: o namorado non é correspondido en ningún caso, pero non se lamenta por iso, senón que manifesta, desde a posición de *precador*, o seu amor absoluto pola *senhor*, á que presenta como a máis fermosa de todas as mulleres.

4 *Cousa*.

5 *Outra cousa*.